

AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 23/02/2023

TIPOLOXÍA: NEVARADAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 58/71GAL emitido o día 23/02/2023 ás 10:50 hora oficial, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **NEVARADAS** de nivel **AMARELO** que está a afectar a zonas da provincia de **LUGO** e **OURENSE**.

Ao longo do día de hoxe, 23/02/2023, nas zonas de **Montaña** de **LUGO** e de **OURENSE** a acumulación de neve en 24 horas poderá superar os 5 cm. en cotas superiores aos 800 m., situación que se manterá tamén os días seguintes.

Na zona de **LUGO Centro** as acumulacións de neve por riba dos 600 m. poderán superar os 2 cm. ao longo do día de hoxe.

No ámbito xeográfico do **Sur** de **OURENSE** e **Sur** de **LUGO**, a partir da tarde de mañán día 24/02/2023, a acumulación de neve en 24 horas poderá superar os 2 cm por encima dos 600 m. manténdose a dita situación no día seguinte.

Ademais no **Sur** de **OURENSE** esperanse temperaturas mínimas de -4°C a partir da tarde de hoxe día 23/02/2023 ata ben entrada a mañán do día 24/02/2023.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es